

## Estatutos da asociación TADEGa

### **Capítulo I. Denominación, fins, domicilio e ámbito**

**Artigo 1.** Coa denominación “Asociación de Tecnoloxías de Atención á Diversidade na Educación Galega (TADEGa)” constitúese esta asociación educativa rexéndose polos presentes estatutos, ao abeiro da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, así como das restantes normas complementarias da súa clase que lle son aplicables.

A asociación proclámase independente de partidos e opcións políticas, forzas económicas, confesionais, etc.; con capacidade xurídica, plena capacidade de obrar, e sen ánimo de lucro.

**Artigo 2.** Esta asociación constitúese por tempo indefinido.

**Artigo 3.** Son fins principais da asociación:

1. Conformar un foro permanente de reflexión, intercambio de experiencias, e investigación sobre:
  - a. O uso e aproveitamento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) no ámbito da Atención á Diversidade, especialmente, na Educación Galega.
  - b. A promoción da accesibilidade web como unha responsabilidade natural de todo aquel que constrúe, elabora ou administra información e servizos web.
  - c. O apoio e promoción da integración plena das persoas con diversidade funcional baixo o prisma do seu dereito ao pleno acceso a unha vida independente, libre, e en pé de igualdade co resto de cidadáns, con atención especial, na sociedade galega.
2. A promoción, colaboración, organización e desenvolvemento de seminarios, cursos, xornadas, encontros e congresos sobre temas especializados referidos sobre o uso das tecnoloxías na atención á diversidade, especialmente cando os participantes sexan educadores, pais, ou axentes de intervención directa na Educación.
3. A formación do profesorado así como de nais, pais e axentes educativos:
  - a. No aproveitamento das TIC na atención á diversidade.
  - b. Na responsabilidade do uso e deseño de ferramentas e contidos accesibles para todos.
4. O estímulo e a promoción de iniciativas xeradoras:

- a. Da investigación, estudio, uso e aproveitamento das TIC aplicadas sobre a atención á diversidade.
  - b. Das medidas, métodos e modelos para que os servizos, os medios de comunicación, e as tecnoloxías que lles dan soporte sexan accesibles para todos, de xeito que as persoas con diversidade funcional poidan acceder a todos os espazos educativos, laborais e de convivencia en igualdade de condicións que o resto dos cidadáns.
5. Divulgar, asesorar e dar a coñecer os diferentes estudos, conclusións, métodos, tecnoloxías de axuda, estratexias, e sistemas de comunicación aumentativa e/ou alternativa; orientando e asesorando na implementación dos mesmos, e propiciando os correspondentes espazos de reflexión.
  6. Calquera outros temas que libremente acorden os asociados, conforme a estes estatutos, en asemblea xeral extraordinaria.

**Artigo 4.** Para o cumprimento destes fins, levaranse a cabo as seguintes actividades:

1. A adquisición do dominio e a creación da web [www.TADEGa.net](http://www.TADEGa.net) como lugar neurálxico de comunicacións entre os seus asociados e como servizo de información, documentación, referencia, comunicación e encontro para todos os seus visitantes.
2. Establecer convenios de colaboración con asociacións culturais, administracións e entidades públicas ou privadas (tanto educativas como de investigación e desenvolvemento, ou de promoción sociocultural).
3. A convocatoria e organización de cursos de formación, xornadas, simposios, conferencias, grupos de traballo, etc. que contribúan a acadar os fins da asociación, ben dende a propia asociación, ben dende a colaboración con outras entidades, asociacións ou institucións.
4. Intercambiar as súas experiencias, estudos e materiais con outras asociacións, fundacións ou entidades con obxectivos e campos de acción común.
5. Participar en foros, seminarios, xornadas, exposicións, congresos, etc. que aborden temáticas análogas ás da asociación.
6. A elaboración, promoción e publicación de materiais divulgativos sobre a integración das persoas con diversidade funcional.
7. A formación e información dos membros asociados en materias do seu interese como tales.
8. A recompilación e avaliación de materiais tecnolóxicos de uso na atención á diversidade e de noticias de interese para os asociados, para a súa divulgación na web da Asociación onde poderán ser libremente comentados e ponderados polos seus usuarios dentro do correspondente marco democrático de convivencia.

9. A creación dun selo de calidade TADEGa para ser outorgado a aquelas persoas, organizacións, institucións e servizos tecnolóxicos que destaquen, a xuízo da Asociación, polo seu esforzo na formación e actualización dos seus membros e usuarios, na promoción da integración das persoas con diversidade funcional e/ou na plena accesibilidade das súas estruturas, procesos e medios divulgativos, e conforme a unhas bases de procedemento que serán desenvolvidas a tal efecto e aprobadas polos asociados en asemblea xeral.

**Artigo 5.** Como asociación sen ánimo de lucro, os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinarase exclusivamente ao cumprimento destes fins sen que se poidan repartir entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

**Artigo 6.** A Asociación establece o seu domicilio social en C/ Caballeros, 25 - 5º Dcha., 15009 A CORUÑA, que, mediante aprobación da Asemblea Xeral, poderá ser modificado por outro da súa conveniencia dando conta do seu acordo ao organismo encargado do Rexistro de Asociacións.

**Artigo 7.** A Asociación en función dos seus fins, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito da Comunidade Autónoma Galega, sen menoscabo de que parte delas, por razón da convivencia e colaboración con outras entidades, asociacións ou institucións, poida desenvolverse tamén noutras comunidades autónomas e estados, e tendo sempre en conta que a preocupación por acadar os fins da asociación antes referidos debe ser cunha atención preferente, que non exclusiva, no ámbito da educación galega.

**Artigo 8.** Dado que a duración desta asociación é de carácter indefinido, só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en asemblea xeral extraordinaria, ou polas causas previstas na lexislación vixente. A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da constitución e o resto do ordenamento xurídico.

### ***Capítulo II. Dos socios***

**Artigo 9.** Poderán ser integrantes da Asociación calquera persoa física ou xurídica que manifieste interese no desenvolvemento dos fins da Asociación, con plena capacidade de obrar ou tralo acordo do órgano competente da persoa xurídica.

**Artigo 10.** Dentro da Asociación poderán existir as seguintes clases de asociados:

1. Fundadores, aquelas persoas que subscribiron a acta fundacional.
2. Numerarios, aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscrición da acta fundacional.
3. De honra, aquelas persoas que, polo seu prestixio ou por ter contribuído de xeito relevante á dignificación e desenvolvemento dos fins da Asociación e, a xuízo da Asemblea Xeral, se fagan acredores de tal distinción.

4. Colaboradores, aquelas persoas que, a xuízo da Asemblea Xeral e sen cumprir cos requisitos dos socios numerarios, axuden e colaboren cos fins e espírito da Asociación.

**Artigo 11.** Os asociados e asociadas teñen os seguintes dereitos:

1. Tomar parte nas asembleas con voz e voto.
2. Poder elixir e ser elixidos para cargos da Asociación.
3. Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.
4. Disfrutar de tódalas vantaxes e beneficios que da Asociación poda obter.
5. Ter copia destes Estatutos.
6. Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva.
7. Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
8. Facer suxestións aos membros da Xunta Directiva en orde a mellorar o cumprimento dos fins da Asociación.
9. Que tódolos anos se lle poña de manifesto o estado de contas (ingresos e gastos da Asociación), así como o desenvolvemento da súa actividade.

**Artigo 12.** Son obrigas dos asociados e asociadas:

1. Prestar cantos servizos determinen os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos das Asembleas Xerais.
2. Desempeñar, no seu caso, os cargos para os que foron elixidos.
3. Asistir ás asembleas xerais.
4. Satisfacer as cotas que se establezan.
5. Observar unha boa conduta individual e cívica.
6. Cumprir os acordos válidos da Asemblea Xeral e os contidos dos Estatutos.

**Artigo 13.** Os asociados e asociadas de honra e colaboradores non intervirán na dirección da Asociación nin nos órganos de representación da mesma, pero están facultados para asistir ás asembleas Xerais con voz, pero sen voto.

**Artigo 14.** Os acordos de admisión de asociados e asociadas tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición escrita da persoa que desexa ser admitida.

**Artigo 15.** A condición de asociado pérdese:

1. Por vontade propia.
2. Por falta de pago nas cotas.

3. Pola realización de accións que prexudiquen gravemente aos intereses da Asociación.
4. Por expediente disciplinario.

**Artigo 16.** A expulsión de asociados e asociadas será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia do interesado/a. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e, contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Cando a baixa de produza por vontade dun/dunha asociado/a, este deberá realizar unha petición escrita e procederá ao aboamento previo de tódalas cotas que teña pendentes.

**Artigo 17.** Os asociados e asociadas poderán pedir a separación temporal por escrito.

A Xunta Directiva poderá acordar a separación temporal dun asociado cando se estea tramitando un expediente sancionador, ou concorran causas xustificadas que o aconsellen, tales como o atraso no pago dalgunha cota, ou comportamentos que afecten á boa marcha dalgún dos fins da Asociación. O expediente sancionador recollerase no Regulamento de réxime interno, pero en todo caso, a resolución poderase recorrer perante a xurisdición ordinaria.

### ***Capítulo III. Dos órganos da Asociación***

**Artigo 18.** A dirección e administración da Asociación serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

**Artigo 19.** O Presidente da Asociación asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesión que celebre unha e outra.

O Presidente será designado pola Asemblea Xeral entre socios que teñan polo menos 1 ano de antigüidade e o seu mandato durará 4 anos.

**Artigo 20.** A Xunta Directiva estará formada por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e tres vogais, cargos que deberán recaer en asociados/as que leven polo menos un ano na Asociación.

**Artigo 21.** Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas, e deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade por si mesmos ou por persoa interposta.

**Artigo 22.** Elixirase pola Asemblea Xeral os cargos e durarán un período de 4 anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

**Artigo 23.** Os membros da Xunta Directiva poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigacións que tiveran encomendadas, ou por expiración do mandato. Quen

houbera esgotado o prazo para o que foi elixido, continuará ostentando o seu cargo ata o momento en que se produza a aceptación do que o substitúa.

**Artigo 24.** Os cargos da Xunta Directiva renovaranse por metades. Na primeira quenda serán renovados o Vicepresidente, o Tesoureiro e un Vogal e, na segunda, o ano seguinte, o Presidente, o Secretario e os outros dous vogais. O primeiro mandato dos cargos da segunda quenda de renovación durará 1 ano máis. O persoal de secretaría, se o houbese, será nomeado pola Xunta Directiva que acordará ademais a súa retribución.

**Artigo 25.** É función da Xunta Directiva:

1. Velar polo desenvolvemento e cumprimento dos fins da Asociación.
2. Programar e dirixir as actividades asociativas e levar a xestión administrativa e económica da Asociación.
3. Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
4. Así mesmo procederá a convocar e fixar a data da Asemblea Xeral.
5. Fixar as cotas ordinarias e extraordinarias que se aproben.
6. Designar as comisións de traballo ou sección que se estimen oportunas para o bo funcionamento da Asociación.
7. Ditar normas internas de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
8. Corresponderalle tamén todas aquelas outras actividades que lle sexan transferidas pola Asemblea.

**Artigo 26.** A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o Presidente ou Vicepresidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida polo Presidente e, na súa ausencia, polo Vicepresidente ou Secretario, por esta orde, e, a falta de ambos, polo membro da Xunta que teña máis idade.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos dos compoñentes asistentes que conforman dito órgano. No caso de empate decidirá o voto do Presidente.

O Secretario ou, no seu defecto, o Vicepresidente, levantará acta das sesións, que se transcribirán ao libro de actas.

**Artigo 27.** Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de solicitar das mesmas, as informacións necesarias. Formarán parte, ademais, das ditas comisións, o número de vogais que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seu respectivos presidentes.

Cando as necesidades o aconsellen, a Xunta Directiva poderá acordar que as comisións se desdobre en subcomisións, así como designar membros alleos á Asociación con carácter de asesores.

**Artigo 28.** A Asemblea Xeral de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da Asociación e estará formada por tódolos integrantes da mesma. O Presidente e o Secretario da Asemblea serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

**Artigo 29.** A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano, e con carácter extraordinario, cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos socios. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ao Presidente, autorizado coas sinaturas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

**Artigo 30.** A Asemblea Xeral ordinaria reunirase necesariamente dentro dos seis primeiros meses de cada ano. Tanto a Asemblea ordinaria como a extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo/a presidente/a da Xunta Directiva.

A notificación farase por correo electrónico a cada asociado ou asociada ao enderezo que deixe constancia na súa inscrición na Asociación ou, no seu defecto, por escrito ao enderezo postal correspondente que conste polo mesmo motivo.

**Artigo 31.** Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

1. Aprobar a acta da reunión anterior.
2. Aprobar o plan de actividades.
3. Examinar e aprobar a memoria de actividades.
4. Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
5. Aprobar os presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
6. Examinar, revisar aprobar as cotas.

**Artigo 32.** Serán competencias da Asemblea Xeral extraordinaria:

1. Modificar os Estatutos da Asociación.
2. Elixir os integrantes da Xunta Directiva.
3. Aprobar a federación con outras Asociacións.
4. Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
5. Acordar a disolución da Asociación.
6. Designar os/as liquidadores/as.
7. Ratificar a expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva.
8. Solicitar a declaración de utilidade pública da Asociación.

9. Aprobar o regulamento de réxime interno da Asociación.
10. As que sendo competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan esperar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.
11. Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou a Xunta Directiva.

**Artigo 33.** Para que as asembleas poidan tomar acordos, integraranse polos asociados/as asistentes, sempre que concorran a metade máis un do total na primeira convocatoria ou, transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes.

Os socios fundadores e numerarios, en caso de ausencia xustificada, poderán delegar por escrito asinado a súa representación noutro asociado ou asociada.

**Artigo 34.** Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos aos apartados 1 ao 7 do artigo 32, que requirirán a maioría de dous terzos. A continuación levaranse os acordos ao libro de Actas que asinará o/a Presidente, e o/a secretario/a da asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría.

**Artigo 35.** Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores obrigarán a tódolos asociados e asociadas, incluso aos non asistentes.

As sesións se abrirán cando así o determine o Presidente. Seguidamente se procederá por parte do Secretario á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente o Secretario procederá a expor a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta directiva que lle corresponda, procedéndose a aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia de que se trate.

Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día procederase, se a presidencia o considera oportuno ou o solicitan un 10% dos asociados inscritos, a facer unha quenda de rogos e preguntas e á adopción de acordos. Unha vez concluído, se levantará a sesión por parte do Presidente.

**Artigo 36.** Os acordos que vaian contra estes estatutos ou infrinxan os fins da Asociación, poderán ser recorridos en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

**Artigo 37.** O Presidente da Xunta Directiva terá, ademais das facultades consignadas no artigo 19, as seguintes atribucións:

1. Presidir e levantar as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixindo as deliberacións dunha e outra, e decidindo con voto de calidade, en caso de empate.



2. Propor o plan de actividades da Asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
3. Ordenar os pagamentos acordados validamente.
4. Representar a Asociación perante calquera organismo público ou privado.
5. Asinar as actas, certificados, pagos e outros documentos da Asociación xunto co Secretario ou membro da Xunta directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

O Presidente será asistido nas súas funcións por un Vicepresidente que, ademais, o substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

**Artigo 38.** Ao Secretario lle corresponde:

1. Recibir e tramitar as solicitudes de ingreso.
2. Levar o arquivo e o libro de rexistro de asociados.
3. Ter ao seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade.
4. Notificar as convocatorias, custodiar as actas, e expedir as certificacións das mesmas co visto e prace do Presidente.
5. Levar o inventario dos bens da asociación nun libro establecido a tal efecto, así como os restantes libros da Asociación legalmente establecidos.
6. O cumprimento das obrigacións documentais nos termos que legalmente correspondan.

**Artigo 39.** Ao Tesoureiro lle corresponde:

1. Recadar e custodiar os fondos pertencentes á Asociación.
2. Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente.
3. Dirixir a contabilidade da Asociación.
4. Tomar razón e levar conta dos ingresos e dos gastos asociativos.
5. Participar en todas as operacións de orde económico.
6. Proceder ao peche do exercicio presupostario antes do 15 de decembro, co fin de que as contas estean a disposición dos membros da Asociación nos quince días anteriores á celebración da Asemblea Ordinaria.

**Artigo 40.** Os vogais, no número que determine a Asemblea Xeral terán as seguintes atribucións:

1. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
2. Desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

### ***Capítulo IV. Do réxime económico***

**Artigo 41.** A Asociación no momento de iniciar as súas actividades dispón dun patrimonio dun euro. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

**Artigo 42.** A Asociación funcionará en réxime de presuposto anual. O borrador de presuposto será elaborado polo Tesoureiro da Asociación, que deberá telo preparado antes do un de xaneiro de cada ano a fin de que poda ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

**Artigo 43.** A Asociación manterase dos seguintes recursos:

1. As cotas periódicas dos asociados e asociadas.
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
3. As doazóns, legados, herdanzas ou subvencións que poidan conceder de xeito legal órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
5. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

**Artigo 44.** As cotas ordinarias acórdanse pola Asemblea Xeral ordinaria, a proposta da Xunta Directiva non sendo reintegrables en caso algún, e dedicándose a atender as necesidades da Asociación.

**Artigo 45.** Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos asociados e asociadas, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a celebración da Asemblea Xeral ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

**Artigo 46.** Anualmente no tempo que establece o artigo 27 será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral ordinaria.

**Artigo 47.** Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositados os mesmos, terán recoñecidas as sinaturas na entidade bancaria correspondente o Presidente e o Tesoureiro, para a utilización conxunta deles.

**Artigo 48.** Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre as/os asociadas/os os recursos obtidos pola Asociación.

### ***Capítulo V. Do regulamento de réxime interno***

**Artigo 49.** O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir,

en ningún caso, en contra do estipulado nos mesmos. En todo caso o funcionamento interno da Asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

## **Capítulo VI. Da modificación dos estatutos e da disolución da asociación**

**Artigo 50.** Os presentes estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou do 25% dos socios. A convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 7 días para que calquera socio/a poida dirixir á Secretaría as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma.

**Artigo 51.** Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable dos 2/3 dos membros da Asemblea Xeral de socios.

**Artigo 52.** A Asociación disolverase polas seguintes causas:

1. Pola vontade dos asociados/as acordada polas 2/3 partes dos mesmos/as.
2. Por outras causas determinadas legalmente.
3. Por sentenza xudicial firme.

**Artigo 53.** Acordada a disolución, a Asemblea Xeral extraordinaria designará 3 asociados/as liquidadores, que xunto o/a Presidente e o/a Tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos, e fixando o haber líquido resultante.

**Artigo 54.** O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra Asociación non lucrativa e inscrita na Comunidade Autónoma que teña os mesmos ou similares fins aos desta Asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.

**Disposición adicional.** En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos se aplicará a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as correspondentes disposicións complementarias que legalmente lle correspondan.

En Santiago de Compostela, a 15 de decembro de 2007.

Sinaturas dos que figuran como outorgantes da Acta Fundacional:

D <sup>a</sup> /D. _____ NIF: _____	D <sup>a</sup> /D. _____ NIF: _____
D <sup>a</sup> /D. _____ NIF: _____	D <sup>a</sup> /D. _____ NIF: _____
D <sup>a</sup> /D. _____ NIF: _____	D <sup>a</sup> /D. _____ NIF: _____
D <sup>a</sup> /D. _____ NIF: _____	D <sup>a</sup> /D. _____ NIF: _____

D <sup>a</sup> /D. _____ NIF: _____	D <sup>a</sup> /D. _____ NIF: _____
D <sup>a</sup> /D. _____ NIF: _____	D <sup>a</sup> /D. _____ NIF: _____
D <sup>a</sup> /D. _____ NIF: _____	D <sup>a</sup> /D. _____ NIF: _____
D <sup>a</sup> /D. _____ NIF: _____	D <sup>a</sup> /D. _____ NIF: _____

D <sup>a</sup> /D. _____ NIF: _____	D <sup>a</sup> /D. _____ NIF: _____
D <sup>a</sup> /D. _____ NIF: _____	D <sup>a</sup> /D. _____ NIF: _____
D <sup>a</sup> /D. _____ NIF: _____	D <sup>a</sup> /D. _____ NIF: _____
D <sup>a</sup> /D. _____ NIF: _____	D <sup>a</sup> /D. _____ NIF: _____